


Galiza

Os escritores e escritoras falan na súa obra do mundo que os rodea, daquelas cousas importantes para eles, do que senten, do que lles causa alegría e tristura... Manuel María, neste poema, fala do seu país, dos seus montes e vales, das súas xentes e tamén da súa fala.

GALIZA.

*Galiza docemente
está ollando o mar:
¡ten vales e montañas
e terras para labrar!*



*Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos
¡cargados de traballos,
cargados de trafegos!*

*Galiza é unha nai
velliña, soñadora:
¡na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!*

*Galiza é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
¡Pro hai outra Galiza
que vai no sentimento!*



*Galiza somos nós:
a xente e máis a fala
¡Si buscas a Galiza
en ti tes que atopala!*

1 Podemos continuar nós o poema de Manuel María

Galiza é a miña _____

Galiza é _____

Galiza _____

Galiza _____

2 Lendo este poema, que pensas que é Galiza para Manuel María?

Que cousas forman un país e se ven e cales as que non se ven pero que son moi importantes?

Pode existir un país sen fala, un país mudo?

Como sería?

Cantos idiomas hai no Estado español?

Unidade 3

3 Este poema aparece no seu libro titulado: *Os soños na gaiola*

Que pensas ti que significa Os soños na gaiola?

Que farán os soños dentro dunha gaiola?

Achégata á biblioteca do centro e busca este libro: debes buscar primeiro onde están situados os libros de poesía e logo as iniciais do autor: MAN; no lombo do libro seguramente tamén aparecen as letras SOÑ; que significan?

4 Le na aula poemas do libro: *Os soños na gaiola*; elixe un dos poemas, o que máis che guste de todos e agora fai ti un moi semellante. Pode ser unha cousa así:

Teño un barco de xoguete
e nel me quero embarcar.
Polos mares dos meus soños
;quén me verá navegar!

Teño un conto de xoguete
e nel me quero mergullar
Polas páxinas das súas follas
;quen me verá disfrutar!.

Mira que fácil!



5 Escolle unha palabra do poema Galiza, a que ti queiras! e logo asocia esa palabra a un soño.

Unha vez eu soñei _____

Agora debes facer un debuxo para ese soño